



**CONSELLO
ESCOLAR
MUNICIPAL
DE VIGO**

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

Acta

Acta aprobada na sesión plenaria do día 19/01/2011

Data	27/10/10		
Lugar	Instituto Municipal de Educación (IME)		
Hora de comezo	18:30 h (2ª Convocatoria)	Fin da xuntanza	21:09 h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> - Presidenta, Laura López Atrio - Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero - Secretario, Rafael Ojea Pérez - Representante Xunta de Galicia, Rosa Pérez Santiago, en substitución de Gonzálo Fernández Fernández, con voz e sen voto. <p>Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Antonio Madrid Riskey o Mª del Carmen Lorenzo Vila o Xesús Rodríguez Amil o Santiago Rodríguez Sánchez o María López Bodaño o Isidro A. Amoedo Rodríguez o Mercedes Alonso Padrón <p>Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Mónica Touza Troncoso o Mª Bertila Fernández Pérez o Xosé Manoel Pena Gayo o Mª Pilar Gabián Iglesias o José F. Rodríguez Pérez o Mª Cristina de la Calle Rodríguez o Silvana Mª Moscoso Pérez o Cynthia B. Pereira Romero <p>Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Alfonso Guitián Álvarez o Manuel Rodríguez González o Consuelo Martínez García o Cipriano Luis Jiménez Casas o José Antonio Fernández Rodríguez o Ángeles Arias Miño o Rodrigo Romaní Blanco 		
Escusan asistencia	- Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: Marina Pérez Costas, Jesús A. Camino Soutullo, Adolfo Gálvez Pazos - Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos - Sector social: Joaquín Pereira Somoza e Francisco Piñeiro Lorenzo 		
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	<ul style="list-style-type: none"> - Pedro Vázquez Iglesias (Técnico do Servizo de Educación). - Sofía Riveiro Oliveira (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV). 		

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Aprobación da Memoria Anual de Actividades 2009-2010.
3. Informe xeral da Presidencia: Nova construción Ceip “Altamar” e Comedor Ceip “Illas Cíes”.
4. Proxecto Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas (EMMA).
5. Proposta de procedemento para o desenvolvemento das funcións establecidas no regulamento.
6. Propostas de planificación das comisións de traballo para o curso académico 2010-2011.
7. Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

Comeza a sesión, a Presidenta do Cemv –*Laura López Atrio*-, presentando aos novos membros do Cemv, debido aos cambios de representantes:

- Cipriano Luis Jiménez Casas, que substitúe a Anxo Queiruga Vila (CERMI-Galicia)
- Rosa Pérez Santiago, que substitúe, nesta ocasión a Gonzalo Fernández Fernández (Consellería de Educación)
- Sofía Riveiro Olveira, que substitúe a Laura Cruz López (Asistencia Técnica)

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

Acordos adoptados

Aprobación por asentimento da Acta da sesión do CEMV do 01/07/2010.

2. Aprobación da Memoria Anual de Actividades 2009-2010.

Acordos adoptados

Aprobación por asentimento.

3. Informe xeral da Presidencia: Nova construción Ceip “Altamar” e Comedor Ceip “Illas Cíes”.

CEIP ALTAMAR

Comeza a Presidenta do Cemv, *Laura López Atrio*, informando sobre a situación que presenta o

expediente do Ceip Altamar, indicando que non existen razóns para non facer o Centro, facendo un breve resumo das iniciativas levadas a cabo ata o de agora (utilizouse powerpoint de apoio) e as propostas realizadas expresamente polo Concello.

- 1ª proposta: unha liña, no propio lugar de Altamar
- 2ª proposta: a residencia fóra do colexio e ofrécese un terreo para a residencia nova
- 3ª proposta: cesión á Consellería de Educación dunha parcela de 3.000 m² a carón do CEIP Canicouva Castrelos.

Considera que a Consellería de Educación non está interesada en favorecer ao ensino público. Se ben considera que esta opción podería ser mal acollida polos directamente implicados, indica as vantaxes que tamén poden derivarse de facer o centro en Canicouva (maior eficiencia dun centro de máis de unha liña); asemade poderíase facer un centro de educación infantil no actual edificio de Altamar. Esta última opción aínda non se presentou, pero as anteriores foron sempre acompañadas dos informes urbanísticos dos Arquitectos do Concello de Vigo.

COMEDOR DE ILLAS CÍES

Desde a Xunta de Galicia, tampouco se acepta a proposta de ubicar o comedor na parte de enriba do espazo libre do Illas Cíes. Ponse en común o intercambio de escritos entre o Concello de Vigo e a Consellería de Educación.

20/07/10_ Escrito da Xunta de Galicia, novo local para o comedor no local de usos múltiples.

02/08/10_ Expediente 11916/332. Proposta de ubicación na placa de formigón, na fronte do colexio.

OBRAS EN TRAMITACIÓN

Segue a Presidenta, falando das obras que están en tramitación ou en execución por parte do servizo. Fala dos traballos de canalización da E.I. Teis-A Guía, do acondicionamento de Canicouva, dos traballos de mellora do pavimento de Pintor Laxeiro, das melloras en Cabral, do C.E.I.P. Igrexa Valladares, das reparacións do C.E.I.P. García Barbón e do C.E.I.P. Mosteiro-Bembrive.

Estase á espera de saber cando se efectuarán as obras dos comedores comprometidos. Fixeron o de Otero Pedrayo, pero os que estaban previstos (4 centros) aínda están pendentes.

OUTROS ASUNTOS

Tamén enumerou estes outros asuntos:

- Inminente remate das obras con cargo ao FEIL de **tres novos equipamentos educativos** que pasarán a incrementar a Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 anos (de 4 escolas pasamos a 7): EIM Casiano Martínez, EIM Tomás Alonso e EIM Mestres Goldar. Actualmente matriculados 271 alumnos/as e algunha vacante en turno de tarde.

- **Traslado provisional e transitorio da nova Sede da Escola Municipal de Teatro** ás antigas instalacións da Escola Infantil “Cristo da Victoria” sita na Avda. Castelao nº 67 (interior). Éxito rotundo de matrícula con 120 matriculados en 6 grupos de formación didáctico teatral e con lista de agarda.
- Avaliación altamente satisfactoria do **Programa PILIVIGO 2010** (estadías 3 semanas de 250 alumnos/as 4º da ESO en 10 localidades do RU). Oferta do Programa “Vigo Activities 2010-2011” cun pleno de solicitudes do 100% dos centros escolares (preto de 10.000 escolares de Ed. Primaria en 10 actividades dctas.) **Programa VINFORA** de actualización metodolóxica e inmersión de docentes de educación primaria en Manchester (10 profes de 9 coles). Existe unha proposta de iniciativa dcta. de mobilidade internacional de alumnado en SS (abril 2011).
- Inminente convocatoria de preto de 75 **Bolsas Municipais de Inmersión Lingüística** para alumnado na Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV).
- Elevada **matrícula** na **EMAO** e na **E-TRAD**.
- Destaca da E-Trad os seguintes programas: **Programa ENFO** (Rede Europea Orquestras Folk) e **Programa “Tocar e Sentir. Música na Escola”**.
- Fala da oferta do Programa “Crea na Escola” e “Mostra Itinerante” no marco do programa **“Arte na Aula”**.
- Convocatoria do concurso para adxudicación da xestión do programa educativo municipal **“Horta Ecolóxica na Escola”**
- Informa sobre o proceso de renovación dos contratos de Limpeza, para a xestión da Escola Municipal de Música, nos centros de ensino público, e na Escola Infantil Municipal Sta. Marta 0-3 anos. Quere o apoio dos centros para que controlen o servizo e facer que se cumpran os pregos do contrato. É o máis caro que asume o Servizo de Educación.

O Concello vén gastando ao redor de 11 millóns de euros por aula. Tamén existe un convenio coa FOANPA para comedores escolares e actividades.

Ábrese quenda de intervención:

Fala *Rosa Pérez Santiago*, Inspectora do Servizo Territorial de Educación de Pontevedra, en representación da Administración Educativa. Os informes que ten dos técnicos de educación, difiren dos da Presidenta. A idea da Consellería é a de realizar un centro de dúas liñas, sen embargo, indica que segundo o novo Real Decreto de 2010, os novos espazos necesarios son maiores. Di que o centro non podería ter o que require a nova normativa. Insiste na inviabilidade técnica das obras. Os arquitectos da Delegación ven a inviabilidade. Insiste na nova Normativa.

En relación ao Comedor de Illas Cíes, a mesma *Rosa Pérez Santiago* dí que non se pode facer na estrutura darriba porque non aguantaría, segundo o Informe do arquitecto da Delegación. Le o informe do arquitecto

da Consellería e remata a súa intervención.

Intervén a Presidenta, *Laura López Atrio*, indicando que tódolos informes están a disposición dos/as conselleiros/as.

Rosa Pérez Santiago recalca que se os informes din que a suma dos metros cadrados non dá, non é preciso o debate.

Intervén *Antonio Madrid Risquez* indicando que os informes son contraditorios e que frustra ver esta situación.

Alfonso Guitián: fala da reunión provincial de directores na que se indicaron as mesmas argumentacións da Delegación Provincial, de non poder facerse nos termos que expón o Concello. O que defende, desde a representación de Directores de Centros é o interese de Vigo e que se faga.

Intervén *Suso Rodríguez Amil* indicando que non se pode prescindir do Colexio Altamar, pois o centro de Vigo non conta con centros públicos, polo que deberíamos buscar unha solución para que se manteña o colexio en Vigo-Centro.

Laura López Atrio insiste nas tres opcións que oferta o Concello, sinalando que sería para unha liña, pois para 2 liñas, non existe terreo no centro de Vigo.

Intervén *Rafael Ojea Pérez*, secretario do Cemv, quen lembra que o Concello está a respostar a todas aquelas peticións que fai a Consellería de Educación. Esta pediu un terreo ao Concello de Vigo, e o concello ten un preto de Canicouva. Nese sentido, o Concello de Vigo cumpre con todo o que require a Xunta de Galicia, para facer un novo centro. Desde o punto de vista da eficiencia, este novo terreo queda a dez minutos do Altamar, e ese terreo do Altamar serviría para o centro de educación infantil.

Xan Centrón, intervén dicindo que o paradigma é o Fleming. Que parece que esta confrontación entre administracións fai que non vaia para adiante o proxecto. Di que pode existir terreo. *Rosa Pérez Santiago* retrúcalle que diga “a pouco que mires o terreo dá”, pois non é unha expresión válida nen rigorosa.

Rafael Ojea Pérez di que as cousas soluciónanse vía proxectos. Esta discusión técnica non leva a ningunha parte e o que se precisa son proxectos enriba da mesa para poñelos a andar.

Pregunta *Silvana Moscoso*, representante do alumnado, se xa se enviou a 3ª proposta, acerca do terreo no Canicouva.

Alfonso Guitián reincide na falta de comunicación entre administracións.

A *Bertila Fernández Pérez* preocúpalle o alumnado, e pensa que á Xunta de Galicia non lle importa nada a situación na que realmente están os Centros. Se hai varias opcións, debería decidirse canto antes, pois a FOANPA fixo moitas reunións sen resultados positivos, o que produce desmotivación entre eles/as.

Santiago Rodríguez Sánchez indica que non pode dicirse que non se pode reconstruír un centro polas dificultades que ten e porque “o queremos máis grande”. Ademais, recorda que o Cemv xa se posicionou sobre outras alternativas.

Xan Centrón pón de exemplo o caso do Colexio Dr. Fleming que non tivo problemas e se buscaron solucións. Indica que hai algo máis, como un conflito de intereses.

4. Proxecto Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas (EMMA).

Rodrigo Romaní Blanco, representante das ensinanzas artísticas, expón en termos xerais a proposta de EMMA, sinalando as motivacións xerais e o contexto no que se produce a proposta.

Segundo el, existe un gran grupo social que se beneficia da práctica afeccionada da música e as artes escénicas a través da oferta formativa non regrada.

Fai referencia ao Informe Emma, que sen ter os datos actualizados, se poden considerar os problemas que se presentan neste sector, como os distintos enfoques: excesiva diversificación do modelo curricular; a oferta pública de educación musical foi a profesional, o Conservatorio; danse estratexias diverxentes da escola cando se dirixen realmente ao mesmo obxectivo, hai unha diversificación no referido ao modelo organizativo e de xestión. A proxección á cidadanía é moi diferente nas 4 escolas e mesmo é diferente o xeito de financiamento.

Segue dicindo que existe un crecemento da demanda expresa e a latente ou potencial tamén. Se a xente coñecese a oferta real, matricularíanse máis persoas.

O proxecto EMMA vén a ser unha reorganización deste sector no sentido de proporcionar tanto un edificio como unha estrutura administrativa nova (nova estrutura física e organizativa).

A idea é un so espazo onde se fagan xestións comúns. Isto potenciará unha maior eficiencia polo desenvolvemento de actividades en común. Potencia tamén a integración social de minorías e a mellor relación entre as actividades artísticas das distintas escolas, non só do Estado Español, senón tamén do estranxeiro. É un proxecto potenciador de sinerxias que permitirá unha maior visibilidade e que vai supoñer un motor de ideas.

Cita os proxectos do Servizo de Educación novos “Tocar é sentir” como exemplo de actividades integradas. O proxecto quere integrar a todas nun só espazo físico. Para isto se fixo o proxecto arquitectónico (2009) que, desenvolvido, permitiría a creación dunha especie de “campus de educacións artísticas” na zona centro da cidade.

Explica que a súa petición é que o Cemv aprobe unha resolución na que se respalde o proxecto.

Laura López Atrio explica que o espazo que se propón é a estrutura que quedou abandonada ó lado do colexio, onde agora se está a facer un uso indebido do lugar. Desde o Servizo de Educación, parécelles que este lugar é o indicado para recoller tódalas escolas municipais de música e artes escénicas, e incluso para que outros centros educativos poidan usar o auditorio ou outros equipamentos para as súas actividades, dado que existe un problema de espazos de representación ou para espectáculos en Vigo. Pedíulle ao Concello de Vigo ese proxecto que está valorado en case 3 millóns de euros, porque o centro de Vigo non ten un centro cívico ou social que albergue este tipo de eventos, e é algo solicitado por todo o mundo.

Laura López Atrio le a proposta realizada por escrito por *Rodrigo Romaní*.

A proposta, literalmente, di:

ANTECEDENTES

Na sesión última do pleno formulouse unha pregunta sobre a opinión da Presidenta sobre os posibles usos da estrutura edificada a carón do CEP DOUTOR *FLEMING* Dirección: Rúa Ourense,15. Existe un proxecto elaborado polo Servizo de Educación que ven dar solución aos problemas de descoordinación e dispersión que, en materia de música e artes escénicas, caracteriza á oferta municipal. Esta solución inclúe a centralización das escolas municipais (E.M. Música, E-Trad, E.M. Teatro e E.M. Danza) nunha

área urbana que comprende a conversión da estrutura da rúa Ourense nun centro formativo que albergará tres das catro escolas e dinamizará o entorno, creando un campus de educación artística destinado á cidadanía, no que a música, a danza e o teatro representarán un novo modelo de educación para todos e todas.

TEXTO

Propónse para a súa aprobación polo pleno a seguinte resolución:

O Pleno do Consello Escolar Municipal, coñecedor da alternativa elaborada polo Servizo de Educación do Concello e consciente da importante mellora que a posta en marcha do proxecto Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas, EMMA vai supor tanto para a oferta educativa na cidade en materia de música e artes escénicas, como para a área urbana comprendida pola estrutura edificada a carón do CEIP Doutor Fleming xunto coas instalacións actuais da Escola Municipal de Música,

ACORDA

Recomendar o proxecto realizado e respaldar as actuacións municipais tendentes a xestionar a instalación en dita estrutura do complexo EMMA así como a articulación da oferta municipal en materia de educación en música e artes escénicas nun único espazo de xestión e coordinación que poña en marcha novas sinerxias e modelos formativos para os sectores máis amplos da cidadanía.

Alfonso Guitián indica que os directores de Vigo sempre apoiaron que se adicara a estrutura baleira só a usos educativos do tipo que sexa.

Intervén *Antonio Madrid Risquez*, non só como representante de CCOO, senón tamén como veciño da zona. Alédase de que exista unha alternativa deste tipo; sabe do desexo de tódalas entidades do barrio de que se utilice dunha vez o espazo.

Acordos adoptados
Aprobación da proposta feita por Rodrigo Romani
24 votos a favor, 0 en contra, 1 abstención

5. Proposta de procedemento para o desenvolvemento das funcións establecidas no regulamento.

PROPOSTA DA PRESIDENTA AO PLENO DO CEMV

ANTECEDENTES

O Regulamento orgánico de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo, outorga ao Pleno a función de ditar normas de desenvolvemento do mesmo a proposta da Presidenta do CEMV (artigo 13.2.i).

En relación a este artigo, e para un mellor e máis efectivo exercicio do dereito recoñecido ás conselleiras e conselleiros de "Presentar propostas, enmendas, mocións e suxestións para a adopción de acordos polo CEMV ou para o seu estudo nas comisións".

PROPONSE ACORDAR O SEGUINTE:

1. As propostas, enmendas, mocións e suxestións, presentaranse por escrito recollendo os seguintes apartados:
 - a. Nome e apelidos, sector ao que representa
 - b. Indicar o tipo: Proposta/Enmenda/Moción/Suxestión
 - c. Antecedentes
 - d. Texto da Proposta/Enmenda/Moción/Suxestión
 - e. Data
 - f. Sinatura
 - g. Documentación anexa, de ser o caso.
2. Se é para levar a Pleno: o documento deberá ser enviado ao secretario do CEMV, que o remitirá á Comisión Permanente para a súa consideración e, se procede, trasladalo ao Pleno.
3. Se se solicita o estudo por parte dunha Comisión de traballo: o documento deberá ser enviado ao secretario do CEMV, que o remitirá á Comisión Permanente, onde se decide se se envía a unha Comisión de traballo.
4. Non poderán ser obxecto de deliberación asuntos que non estean reflectidos na orde do día, salvo que, estando presentes todos os membros do órgano, así o acorden por maioría ao comezo da sesión. (Artigo 17, punto 4, sobre Réxime de Xuntanzas do Pleno).

Rafael Ojea Pérez explica que a intención desta proposta é a de unificar criterios para dar cumprimento ao que recolle o Regulamento de Organización e Funcionamento do Cemv. Así mesmo, fala de que o fracaso dos consellos escolares municipais vén dado polo excesivo tempo das reunións e a súa farragosidade. Proponse un formato igual ao dos plenos do concello. É un formulario moi sinxelo, onde enumera o que recolle e o proceso a seguir (entrégase ao secretario do Cemv, logo pasa á Comisión Permanente e despois ao Pleno ou a algunha das Comisións de Traballo). Se é por vía de urxencia, hai que decidilo no pleno, por todas as persoas, se se atende a petición ou non. No caso das emendas o articulado do Regulamento (artigo 17.6) si recolle que se poden presentar directamente. Preténdese que todos os conselleiros e conselleiras nos acostumemos a traballar así.

Ábrese quenda de palabras:

Intervén *Santiago Rodríguez Sánchez* volvendo a propoñer a presentación de propostas ou emendas in voce, por razóns de urxencia, para que poidan ser debatidas con posterioridade ao comezo da sesión. Indícalle *Rafael Ojea Pérez*, o secretario do Cemv, que conforme ao Regulamento e á proposta de desenvolvemento obxecto deste punto da orde do día, non é posible debater asuntos que non estean reflectidos na orde do día, agás que, estando presentes todos os membros do órgano, así o acorden por maioría ao comezo da sesión (artigo 17.4).

Acordos adoptados
Aprobación da proposta de procedemento
Aprobada por asentimento.

Santiago Rodríguez Sánchez insiste en que no asunto de Altamar, o Cemv debería pronunciarse de novo, aínda que logo se redacte o pronunciamento. Se o deixamos pasar, alóngase o tema no tempo e perde interese. O Regulamento debería axilizar os trámites.

Contéstalle *Rafael Ojea Pérez* que o procedemento prevé o que pón o Regulamento. Se o saltamos, teríamos que volver a modificar o Regulamento. Se nos saímos do guión estamos abocados ao fracaso. Pódense convocar Plenos Extraordinarios se algo é urxente, pero non é práctico facer as cousas á présa.

Márcase con antelación suficiente a data do seguinte pleno para que as persoas interesadas poidan presentar o que queiran. A práctica deste Cemv diranos se este proceder funciona ou non.

Laura López Atrio retoma a idea de *Santiago Rodríguez Sánchez*, de facer un pronunciamento desde o Cemv, e afirma que non vé qué máis se pode facer. *Santiago Rodríguez Sánchez* reitera que teremos que seguir insistindo.

6. Propostas de planificación das comisións de traballo para o curso académico 2010-2011.

COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Intervén en primeiro lugar *M^a Carmen Lorenzo Vila*, como presidenta da Comisión Pedagóxica, expoñendo o plan de traballo desta Comisión (recollido en documento). O obxectivo xeral para este curso é elaborar un Plan de Convivencia Escolar Municipal, para o curso que ven. Explica o documento do Plan de Traballo apoiándose na transparencia, onde vén o traballo estruturado por trimestres:

Plan de traballo Curso 2010-2011

“A educación para a convivencia democrática, o traballo a favor da cidadanía e os dereitos humanos nos centros educativos, precisa da posta en marcha de plans de mellora da convivencia escolar”. Así arranca o Plan integral de Mellora da Convivencia Escolar presentado en 2007. Facemos propias estas palabras e, desde a **Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa**, pretendemos dinamizar á comunidade educativa viguesa para pór de relevo estes 3 grandes eixos:

1. **Convivencia**, entendida de forma ampla -como “eixo paraugas” e transversal de todo o traballo a realizar-, englobando programas de integración, de prevención e de atención ao alumnado con problemáticas e necesidades diversas, para unha educación de calidade e inclusiva. Introducimos como transversais a igualdade de oportunidades e a intelixencia emocional, eidos a traballar constantemente.
2. **Participación**, da comunidade educativa en xeral. Neste bloque integraríase: a relación familia-escola-contorna, a coordinación, e a formación para a participación, tanto das familias, como dos/as docentes, e do alumnado.
3. **Innovación educativa**, diversidade cultural e funcional, concienciación cidadá, formación especializada, etc. Buscaremos exemplos que recollan boas ideas para poder extrapolar aos distintos centros educativos, a través dun Concurso - Banco de Ideas.

Obxectivos operativos:

Con este plan de traballo propoñémonos coñecer a fondo a realidade olívica, para poder crear ferramentas e recursos cos que traballar máis axeitadamente cuestións relacionadas coa convivencia escolar, a calidade educativa e a promoción de experiencias a destacar. Para iso, marcámonos 2 obxectivos prácticos e operativos:

- Analizar a realidade escolar viguesa, para a creación dun Plan de Convivencia Escolar Municipal, a implementar no vindeiro curso 2011-2012.
- Promover un concurso ou banco de ideas sobre Boas Prácticas en Convivencia Escolar.

Accións

As accións que se propoñen xiran en torno a 3 modalidades:

- Informativas: potenciando campañas de fomento da convivencia e a prol dunha sociedade máis cívica e corresponsable.
- Formativas: marcando como meta unha acción para cada un dos colectivos que están representados no Cemv.
- Puntuais: respondendo a accións onde se nos reclame a nosa postura ou opinión.

O fin último que persegue acadar este plan de traballo é a presentación para o próximo curso escolar do Plan de Convivencia Escolar Municipal do Concello de Vigo 2011-2012, cos seguintes temas como prioritarios:

Eixo estratéxico: Convivencia



Liñas de acción	Actuacións
Estudo da realidade.	- Revisar estudos xa existentes e programas de convivencia doutros lugares.
	- Realizar xuntanzas con sectores do ámbito escolar e con entidades que traballan con colectivos en distintas situacións de dificultade
	- Construír unha DAFO para marcar o punto de partida.
	- Solicitar información sobre convivencia ao Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
Plan de Convivencia Escolar Municipal.	- Deseño e redacción do Plan.

Definición das 3 liñas do Plan de Convivencia.	- Absentismo Escolar: coñecer cómo se está levando este tema por parte das persoas responsables na administración local e autonómica; solicitar máis implicación institucional e buscar outras alternativas ao abandono escolar.
	- Inclusión Social: revisar accións levadas a cabo en temas de discapacidade, interculturalidade e colectivos minoritarios; deseñar unha campaña de sensibilización con respecto a este tema.
	- Cidadanía: coñecer as propostas que se levan a cabo en relación á Educación Vial; Indagar/coordinar as actividades que realiza o departamento de Medio Ambiente do concello, e apoiar as propostas de redución, reutilización e reciclaxe que se presenten desde calquera dos colectivos representados no Cemv; Propoñer unha acción conxunta sobre Asociacionismo, estilo feira, para crear un espazo común de coñecemento e intercambio de experiencias.

Eixos estratéxicos: Participación e Innovación Educativa

Liñas de acción	Actuacións
Coordinación co Concello de Vigo.	- Facer un estudo pormenorizado dos servizos e recursos que desde o Concello de Vigo se ofrece aos centros educativos.
Concurso – Banco de Ideas: “Boas Prácticas en Convivencia Escolar”.	- Informar á comunidade educativa da búsqueda de Boas Prácticas, a través dun concurso – banco de ideas.
	- Seleccionar un número limitado de experiencias significativas e colgalas na web.
	- Integrar as experiencias seleccionadas como anexo no Plan de Convivencia Escolar Municipal.

Temporalidade:

O período de aplicación do presente plan será para este curso académico 2010-2011. As accións que nel se contemplan está previsto que se inicien cando o mesmo estea aprobado polo Pleno do Cemv, polo que se establece o mes de xuño de 2011 para a finalización e avaliación do mesmo.

De todas formas, marcámonos estes prazos a cumprir:

- *1º trimestre*: análise da realidade. Búsqueda de información sobre outros plans, programas e experiencias. O concurso de Boas Prácticas deseñárase nesta fase.
- *2º trimestre*: definir os obxectivos prioritarios do Plan de Convivencia Escolar Municipal.
- *3º trimestre*: Formalizar e presentar o Plan de Convivencia Escolar Municipal para o curso 2011-2012, á comunidade educativa.

Seguimento e avaliación:

Darase en todo momento, unha revisión e análise constante do proceso de desenvolvemento do plan, pero tamén queda exposto ao seguimento e avaliación das persoas que forman o Cemv. É modificable e flexible en todos os seus apartados.

Intervén *Ángeles Arias Miño* indicando que lle parece interesante o Plan pero é ambicioso. Nesta cidade non funciona para nada a Consellería de Familia, pois infórmase sobre absentismo e non hai resposta. Deberían participar diversas institucións: policía local, familia, traballadoras/es sociais, educadoras/es sociais e toda a comunidade educativa. Se se leva a cabo, sería un proxecto case pioneiro.

Rosa Pérez Santiago indica que o Plan de Absentismo Escolar está funcionando dende hai 4 anos en Cangas, cun protocolo común en primaria e secundaria. Este plan estase tratando de implantar en máis lugares. É un protocolo que existe en varias partes do Estado Español. O 11 de novembro presentábase en Poio. Si existe máis dificultade de executalo en Vigo, pero pódese facer. Felicita aos membros da Comisión. *Mª Carmen Lorenzo* sinala que o de recoller a problemática e as actuacións puntuais que tiveron éxito é un dos traballos previstos. Este primeiro ano sería de planificación, para tratar de executalo no seguinte curso. Pero tamén di que hai que recoller máis alá dos protocolos pois existe unha falta de coordinación moi grande.

COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS

Intervén Mercedes Alonso Padrón, a Presidenta da Comisión, desenvolvendo a proposta.

Plan de traballo Curso 2010-2011

Para este curso escolar, o Plan de Traballo da **Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa**, baséase na profunda convicción de que as persoas que integran a comunidade educativa do Concello de Vigo poden e deben mudar a realidade escolar, con accións como as que aquí se presentan. É este o obxectivo último, polo cal traballar e proxectar a atención nas diferentes liñas de actuación que amosamos, a través de dous grandes eixos estratéxicos:

1. *Mapa Escolar*, onde se integran actuacións dirixidas a actualizar, racionalizar e mellorar a zonificación dos centros escolares. Neste bloque contéplanse tamén as actuacións relacionadas con comedores escolares, transporte, matriculación e incremento da oferta pública.
2. *Infraestruturas*, incluíndo o relativo ao estudo da existencia, uso e estado das infraestruturas, recursos e instalacións dos centros de ensino públicos e privados da cidade de Vigo. No tocante ao uso, contemplanse tamén actuacións de apertura de instalacións á comunidade.

Obxectivos operativos:

Resulta evidente que o contexto no que se desenvolve este plan de traballo supón un reto e un desafío de considerable complexidade. Dar unha resposta ás expectativas creadas por esta comisión, obriga á formulación de medidas claras e realistas, onde poidamos demostrar a validez e eficacia do Consello Escolar Municipal a través das súas distintas comisións de traballo e órganos creados.

Neste contexto, a acción desta Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa vai perseguir 2 grandes obxectivos:

- Analizar a realidade escolar do Concello de Vigo, promovendo medidas para actualizar o Mapa Escolar, adecuándoo ás necesidades socioeducativas actuais.

- Impulsar activamente o desenvolvemento de estudos e revisións periódicas sobre o estado dos centros educativos vigueses para mellorar as infraestruturas destes centros públicos e privados.

Accións:

As accións que aquí presentamos poden ter un carácter atemporal, en función da proactividade que teñamos como grupo, pois consideramos que é preciso recoller accións de consulta e/ou de proposta, que se dan ao longo do curso escolar. Estas son:

a) Materias de preceptiva consulta:

- Disposicións municipais que afecten a temas educativos.
- Distribución dos gastos en materia educativa.
- Calquera outra cuestión que o Alcalde ou a Concelleira de Educación consideren que ten que ser sometida a consulta.

b) Materias en que pode actuar a iniciativa propia:

- Distribución do alumnado a efectos de escolarización.
- Propostas de convenios ou acordos para mellorar a prestación do servizo educativo.
- Adaptación do calendario escolar ás necesidades e características socioeconómicas da cidade.

Ademais, o logro deses 2 grandes obxectivos é a razón de ser das 3 liñas de traballo que desenvolveremos ó longo deste curso escolar, integradas nos grandes eixos estratéxicos.

Eixo estratéxico: Mapa Escolar

Liñas de acción	Actuacións
Estudo da realidade.	- Solicitar ó concello (ou ó organismo oportuno) un estudo do Mapa Escolar.
Zonificación Escolar.	- Enviar proposta ó Pleno para solicitar á Xefatura da Consellería de Educación a revisión e actualización da zonificación do Concello de Vigo.
	- Enviar proposta ó Pleno, onde se valore o estudo da zonificación por parte da Universidade (prácticas de algunha materia, convenio específico, colaboración cos técnicos ...).
Comedores Escolares.	- Solicitarlle ó Concello de Vigo a análise dos comedores escolares – en canto a infraestruturas -, para saber a necesidade de ampliacións e/ou melloras.

Eixo estratéxico: Infraestruturas

Liñas de acción	Actuacións
Atención a de situacións urxencia.	1. Instar á administración educativa local e autonómica para que resolva a situación do CEIP Altamar.
	2. Solicitar aos técnicos/as de educación do concello cáles son os centros a renovar.
Estudo da realidade.	- Solicitar ó concello o informe das infraestruturas dos centros educativos.

	- Instar á Consellería de Educación a que analice os centros concertados (facéndolles referencia ao Informe de Infraestruturas elaborado por técnicos do Concello de Vigo).
Instalacións Deportivas.	- Revisar infraestruturas e redactar un informe.
	- Analizar a cesión para o uso das instalacións deportivas a nivel da comunidade veciñal e facer proposta ao Pleno.

Temporalidade:

Tal e como se acordou na xuntanza realizada o 27 de setembro do presente ano, o cronograma do plan de traballo, quedaría deste xeito, distribuindo os temas nos 3 trimestres do curso escolar:

1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
ZONIFICACIÓN	COMEDORES ESCOLARES	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
accións		
- Revisión e actualización por parte da Consellería de Educación. - Estudo por parte da Universidade.	- Análise dos mesmos para posibles ampliacións e/ou melloras.	- Informe de infraestruturas deportivas. - Proposta de cesión para a comunidade veciñal.

Seguimento e avaliación:

O seguimento e a avaliación constitúen dous aspectos fundamentais dentro do plan de traballo, en tanto que se erixen como instrumentos imprescindibles para coñecer os progresos acadados no que respecta ás medidas establecidas e ao propio cumprimento do plan.

Este plan será obxecto de seguimento e avaliación tanto por parte da propia comisión de traballo, como da Comisión Permanente e, en último caso, polo Pleno do Cemv, quen determinará se se acadaron ou non os resultados perseguidos. Preténdese pois:

- Coñecer o grado de execución do plan, isto é, qué accións se van desenvolvendo para dar cumprimento deste.
- Coñecer o grado de cumprimento do plan, é dicir, determinar o que finalmente se fixo con respecto á planificación inicial (avaliación final).

Ambos obxectivos evidencian unha diferenciación entre os procedementos de seguimento e avaliación:

- Seguimento fai referencia ao grado de execución, ao exame constante e intermitente das actuacións que se están a realizar –durante as distintas xuntanzas da comisión de equipamentos e planificación educativa-.
- Pola súa parte, a avaliación fai referencia ao grao de cumprimento e será aplicada tanto aos procesos como ao remate destes (avaliación de proceso e avaliación final) – na memoria de actividades anual-.

Mercedes Alonso expón as deficiencias da zonificación. Di que enviarán unha proposta ao Pleno para que

se revise esta zonificación. Correspóndelle á Administración facer esta zonificación, se ben podería colaborar a Universidade (todo isto no 1º trimestre). No 2º trimestre, analizaranse as necesidades dos comedores escolares que se solicitará ao Concello de Vigo. Tamén fala da importancia de ter en conta as infraestruturas: actuacións de urxencia para o CEIP Altamar, reiterando a necesidade de chegar a un acordo. Instarase tamén á Consellería de Educación para que analice tamén os centros concertados. E faltaría o estudo da situación das instalacións deportivas para o seu posible uso, no terceiro trimestre.

Laura López Atrio indica que se inicia un estudo municipal de análise das instalacións deportivas dos Centros e para a realización de propostas de adecuación e mellora. *Manuel Rodríguez González* pregunta se tamén se analizarán os centros de secundaria. *Laura López* resposta que só se faría en primaria, pero que non estaría de máis revisar as instalacións deportivas de secundaria. Aínda así, sinala a importancia de facer a zonificación escolar e de priorizar esta acción, pois co Mapa Escolar quedaría resolto o asunto dos comedores escolares. A zonificación que hai non cumpre cos criterios de calidade. Ten máis de 30 anos.

Acordos adoptados
Aprobación das propostas de traballo das Comisións de Traballo
Aprobadas ambas por asentimento.

7. Rolda de preguntas.

María López Bodaño intervén para comentar un asunto sobre comedores: é o problema do Ceip O Chouzo, Emilia Pardo Bazán, que se vén afectadas 50 familias pola Instrución da Consellería de Educación, que deixa sen axudas por non viviren dentro da área de influencia do Colexio. Hai familias que descoñecían esta instrución e agora atópanse cunha carta onde di que non lle corresponde ningún tipo de axuda ao comedor. As familias están a recoller sinaturas para poder solucionar o tema.

As áreas de influencia que se ofrecen son un pouco disparatadas. Le o que recolle o artigo 38 da orde de marzo de 2007, na que se basea a instrución. Esta instrución prexudica gravemente ás familias, sobre todo, de renda baixa. Pregunta si se pode facer algo sobre as áreas de influencia.

Intervén *Laura López Atrio* para que a intervención se transforme en Rogo, para levar ao Pleno do Concello.

María López Bodaño di que sería un cambio para o curso que vén.

Intervén *Rafael Ojea Pérez* para indicar que o correcto sería que a Comisión de Equipamentos elaborase unha proposta e se leve á Comisión Permanente.

Alfonso Guitián comenta que vai ser difícil, pois usarán calquera argucia legal para reducir de onde sexa, pola situación da crise económica. Isto é caótico. Sobre o tema de comedores, ten información de que o cambiarán un “pouquiño”, pero non se van a meter nen en comedores nen en transportes.

Santiago Rodríguez Sánchez di que se pode convidar a María López Bodaño á xuntanza da Comisión, para tratar o tema e a todos/as lles parece ben. Trasládase o rogo para que se estude este tema na Comisión de Equipamentos.


Laura le unha invitación para os membros do Consello Escola Municipal para asistir ao Congreso da Ensinanza Privada que se celebrará en Vigo. Comeza o día 28 de outubro. Explica brevemente o contido

do Congreso e sinala que hai invitacións a disposición das persoas interesadas no Servizo de Educación.

Por último, *Manuel Rodríguez González* fai un Rogo de incluír o IES da Guía no estudo municipal sobre instalacións deportivas, por ser o único centro que ten ciclos relacionados coa actividade física e deportiva.

Acordos adoptados
Estudar a instrución que afecta aos comedores escolares por parte da Comisión de Equipamentos e Infraestruturas, e analizar a posibilidade de convertila en Rogo para presentar no Pleno do Concello.
Convidar a María López Bodaño á xuntanza da comisión de equipamentos para tratar o asunto da instrución.
Incluír o IES A Guía, no estudo sobre instalacións deportivas, por ser o único centro que ofrece formación profesional de actividades físicas e deportivas.

O SECRETARIO DO CEMV



Rafael Ojea Pérez

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV



Laura López Atrio